

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO.

En Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

### REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas nos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Doutra parte, don José Ramón Parada Jorgal, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en virtude das facultades que lle confire o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

As partes recoñécense con capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** No orzamento de gastos da Consellería de Sanidade, a aplicación orzamentaria 1201/411A/430.07, de transferencias correntes de financiamento do Servizo Galego de Saúde, dispón de fondos propios libres da Comunidade Autónoma, fondos finalistas do Estado e outros fondos europeos.

**Segundo.-** O artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento.

**Terceiro.-** Que, dado que nas transferencias correntes existen fondos finalistas que financian actividades concretas no Servizo Galego de Saúde, e que pola súa natureza teñen carácter incorporable, é conveniente establecer un réxime de libramento diferente para as modalidades de fondos finalistas e fondos europeos, e establecer o libramento atendendo ao ritmo de execución dos gastos no Servizo Galego de Saúde.

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde manifestan a súa vontade de modificar o réxime de libramento das transferencias correntes de financiamento, e con tal finalidade acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes

### CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste convenio é establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Sanidade ao Servizo Galego de Saúde.

### **Segunda.- Réxime de libramentos**

O réxime de libramentos nas transferencias correntes de financiamento ao Servizo Galego de Saúde realizarase por parte da Consellería de Sanidade conforme ás indicacións que se recollen a seguir:

- Os importes consignados na aplicación e códigos de proxecto da Consellería de Sanidade correspondente a fondos propios da Comunidade Autónoma, as achegas realizaranse por doceavas partes, conforme ao establecido no artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro.

- No caso dos importes consignados na aplicación e códigos de proxecto da Consellería de Sanidade, correspondente a modalidades de fondos distintos dos indicados no parágrafo anterior e que teñan o carácter de incorporable, as achegas realizaranse atendendo ao ritmo de execución do gasto destes fondos por parte do Servizo Galego de Saúde.

Neste suposto, por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos, emitirase a correspondente certificación na que consten os gastos realizados, que será achegada á Intervención Delegada da Consellería de Sanidade como xustificante do libramento que se realiza.

### **Terceira.- Vixencia**

Este convenio terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a súa subscripción, sinaladamente, a existencia nas transferencias correntes de financiamento ao Servizo Galego de Saúde, financiadas con modalidades de fondos distintas á de fondos propios libres da Comunidade Autónoma e que teñan a consideración de incorporables.

A vixencia deste Convenio circunscribirase ao exercicio orzamentario.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Sanidade e presidente  
do Servizo Galego de Saúde

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Gómez Caamaño

José Ramón Parada Jorgal